

EPIGRAMMATA. MARCUS VALERIUS MARTIALIS

Marcial (ca. 40 – 103 d.C.) foi un poeta e satírico latino, natural de Bilbilis (actual Calatayud), que viviu no século I d.C. Foi fillo dunha familia de nobres locais e puido ir estudar a Roma como bo aristócrata romano. Outros hispanos que vivían en Roma protexérono, especialmente o filósofo Séneca e o orador Quintiliano.

A obra que del se coñece son os *Epigramas*, pequenos poemas que tratan dos temas máis dispares. Del dixo Plinio o Xove “non serán quizais eternas as cousas que escribiu, mais el escribiunas coma se tivesen que selo” (*Cartas*, 3, 21,6)

VIII.5:¹ “ESGÓTASE TODO”

Dum donas, Macer, anulos puellis,
Desisti, Macer, anulos habere.

dōno, as, are : doar, dar, regalar (alicui aliquod, ou aliquem aliqua re)
ānūlus, i, m. : anel, rizo de cabelo
dēsīno, is, ere, sii, situm : 1. deixar, abandonar 2. cesar, acabar, rematar

VIII.13: “ENGANÁCHESME”

Morio dictus erat: viginti milibus emi.
Redde mihi nummos, Gargiliane: sapit.

mōrīo, ōnis, m.: necio, estúpido, parvo
rēddo, is, ere, ddidi, dditum : devolver
nūmmus, i, m.: diñeiro, moeda, sestercio;
pequena cantidade
sāpīo, is, ere, ii : saber

VIII.27: “MORRE XA!”²

Munera qui tibi dat locupleti, Gaure, senique,
Si sapis et sentis, hoc tibi ait 'Morere.'

mūnūs, eris, n.: agasallo
lōcuplēs, etis: rico, opulento
sēntīo, is, ire, sensi, sensum : sentir,
percibir, advertir; darse conta
morere: 2ª sg. Imperativo pres. Activo.
“morre”

¹ A forza de facer agasallos, perdes o rango de cabaleiro. O *ius anulorum* (dereito aos aneis) era exclusivo de senadores, cabaleiros e maxistrados.

² Marcial fai referencia aos cazadores de herdanzas

VIII.35 “OS IGUAIS REPÉLENSE”

Cum sitis similes paresque vita,
Uxor pessima, pessimus maritus,
Miror, non bene convenire vobis.

sitis: 2ª pl. subxuntivo pres. Activo.
par, paris: iguais, parella
miror: 1ª sg. Pres. Ind. Activo “admírome,
sorpréndome”
cōnvēñio, is, ire, ueni, uentum: levarse ben,
estar de acordo

VIII.62 “COMO NON O VAS TER DE COSTAS!”

Scribit in aversa Picens epigrammata charta,
Et dolet, averso quod facit illa deo.

aversus, a, um: dado a volta; inimigo.
chārta, ae, f: papiro, folla de papiro, escrito
dōlēo, es, ere, ui, itum : 1. intr. sentir dor,
doer, doerse 2. tr. afflirise, deplorar,
lamentar

VIII.69 “MELLOR VIVIR QUE GUSTARCHE”

Miraris veteres, Vacerra, solos,
Nec laudas nisi mortuos poetas.
Ignoscas petimus, Vacerra: tanti
Non est, ut placeam tibi, perire.

miraris: 2ª sg. Pres. Ind. Act. “admírate”
lāudo, as, are: 1. eloxiar, aprobar, loar 2.
pronunciar un eloxio
ignoscas: 2ª sg. Pres. Subx. Act. De
īgnōsco, is, ere, noui, notum: “perdoar”
placeam: 1ª sg. Pres. Subx. Act. “agradar,
gustar”

VIII.74 “CAMBIACHES O OFICIO, PERO NON A TAREFA”

Oplomachus nunc es, fueras ophthalmicus ante.
Fecisti medicus quod facis oplomachus.⁴

oplomachus, i m: gladiador armado con
armas pesadas
ophthalmicus, i m: médico oculista

XI.64 “SEI MÁŠ DO QUE TI CRES”

Nescio tam multis quid scribas, Fauste, puellis:
Hoc scio, quod scribit nulla puella tibi.

nēscīo, is, ire, iui (ii), itum: ignorar, non
saber
scribas: 2ª sg. Pres subx. Activo.

⁴ É dicir: destrozas os ollos